



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto aprobación expediente. **BOLSA DE TRABALLO ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN.** Código RPT 1003 (Laboral) ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. Código RPT 5117 (Laboral)

Expediente: 2025/G003/000436 - 2025/X999/000055

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

1. Providencia da Alcaldía, do 26/05/2025, incoando o procedemento administrativo.
2. Memoria xustificativa da Alcaldía, do 26/05/2025, da necesidade da contratación administrativa.
3. Proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego, do 10/07/2025
4. Informe do TAX, do 10/07/2025, sobre a proposta de Bases.
5. Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 10/07/2025

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego para contratación laboral temporal para os postos de persoal **ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN.** Código RPT 1003 (Laboral) ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. Código RPT 5117 (Laboral) do Concello de Lousame, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a constitución dunha **BOLSA DE EMPREGO** para contratación laboral temporal para a substitución dos postos de **ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN.** Código RPT 1003 (Laboral) ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. Código RPT 5117 (Laboral) do Concello de Lousame, que figuran como anexo da presente resolución, nos termos en que figuran no expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na sede electrónica do concello de Lousame e o anuncio na sede electrónica do Concello mais no BOP da Coruña.

TERCEIRO. Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica do concello de Lousame. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

CUARTO. Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas na sede electrónica do Concello de Lousame.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO:

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE LOUSAME.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para os postos de:

- ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN. Código RPT 1003 (Laboral)
- ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. Código RPT 5117 (Laboral)

Todos eles pertencentes ao grupo C1 / III

Para os postos de ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN. (Código RPT 1003) e ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. (Código RPT 5117) realizarase contratación laboral temporal, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada e polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Redución de xornada e polo período que medie entre a redución e súa finalización ou a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo. (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento ou contratación determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo, de ser o caso.

SEGUNDA: FUNCIÓNS OU TRABALLOS A REALIZAR.

As tarefas da praza obxecto desta convocatoria son as propias do persoal administrativo do concello de Lousame, conforme á súa RPT (BOP 106 do 06.06.2022), na que especifica as funcións que desempeñará este tipo de persoal.

TERCEIRA: NOMEAMENTO E TIPO DE CONTRATO.

Os nomeamentos de persoal e os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

- a) **De interinidade:** Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.
- b) **Por acumulación de tarefas:** Vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.

CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS OU NOMEAMENTOS

Segundo se estableza en cada nomeamento ou contrato, segundo o caso, de conformidade coas necesidades do Concello de Lousame.

QUINTA: XORNADA DE TRABAJO.

A xornada será completa ou parcial, segundo se estableza en función das necesidades, de luns a venres cos descansos que marca a Lei.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As vacacións e o horario adaptaranse ás necesidades do servizo.

SEXTA: RETRIBUCIÓN.

As retribucións básicas serán as correspondentes o grupo de titulación do posto ofertado.

SÉTIMA: PUBLICIDADE.

No taboleiro de anuncios do Concello publicaranse a convocatoria e as bases íntegras do proceso selectivo.

Os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Tamén se publicará anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña.

OITAVA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Ademais destes requisitos xerais expostos, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de **bacharelato** ou equivalente consonte a normativa en vigor.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No caso de titulacións obtidas non estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas.

Esta proba será cualificada como Apto ou Non apto; e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Sra. Alcadesa do Concello de Lousame.

Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame (físico ou telemático) ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **VINTE (20) DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da convocatoria que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame e no BOP de A Coruña.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude á dirección de correo-e jose.martinez@concellodelousame.gal.

No caso de que a persoa aspirante non remita o xustificante da presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Lousame, e a dita solicitude teña entrada no Concello, máis alá do prazo de presentación de solicitudes, a mesma entenderase presentada fóra de prazo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da do Concello de Lousame.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a)** Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- b)** Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c)** Copia da titulación requirida para o desempeño do posto. (Base 8.f)
- d)** Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados; experiencia profesional (Informe de vida laboral máis contratos ou certificados de empresa) e formación (títulos ou certificados dos cursos realizados)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En todo caso e, de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega (Celga 4, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base novena da presente convocatoria.

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

DÉCIMA.- TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.

Será requisito necesario, para poder participar nos procesos selectivos aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscrición nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 203 do 26/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada. Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte, dependendo do proceso selectivo en concreto ou da praza vacante á que se opte:

Denominación	Taxa por dereitos de exame
Grupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente.	10,00 €

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa. Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame (https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/).

En ningún caso a mera presentación e o pagamento da taxa por participación suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base novena.

Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por participación en procedementos selectivos, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 203 do 26/10/2022) e que é: Certificado de desemprego emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

UNDÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia a falla de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoa ou desestimándoa, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DUODÉCIMA: TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O Tribunal seleccionador estará composto por un/unha presidente/a, unha persoa secretaria e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros do Tribunal seleccionador deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal de selección estará facultado para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Quen forme parte do Tribunal deberase absterse de intervir cando concorran nel algunha das circunstancias no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como cando realizase tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A resolución de alcaldía cas persoas membros do tribunal seleccionador exporase ao público no taboleiro de anuncios do concello, xunto coa listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a data, hora e lugar de celebración da proba de galego, para aqueles non aportasen o certificado Celga 4, e da entrevista persoal.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse co D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lousame.

DÉCIMO TERCEIRA: SISTEMA DE SELECCIÓN. FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de selección: Concurso de méritos.

As persoas aspirantes achegarán o modelo de instancia (Anexo I), acompañando copia dos documentos xustificativos dos méritos alegados, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán mediante esta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, cun máximo de 10 puntos, serán os seguintes:

A.-Experiencia profesional. Máximo 5 puntos.

Servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo corpo/ escala/ subescala/ categoría, debidamente acreditados, no desempeño de postos de persoal administrativo, a xornada completa: 0,20 puntos por cada mes traballado.

A puntuación máxima neste apartado é de 5 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral as persoas aspirantes acreditarán;

- Os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e duración dos mesmos, e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Para efectos da valoración da experiencia profesional deberase presentar xunto coa solicitude de participación en todo caso os CERTIFICADOS DE EMPRESA onde figure a categoría e períodos realizados, xunto co INFORME DE VIDA LABORAL expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Unicamente se valorarán os meses completos, para elo sumaranse os días totais traballados e dividiranse entre 30, tomando como referencia solo o número enteiro resultante e este multiplicarase por 0,20 o por 0,10 segundo corresponda.

Exemplo: 187 días entre 30 = 6,2333333. Tómasse a parte enteira: 6 e multiplícase por 0,20 ou por 0,10 segundo corresponda.

B.- Cursos de formación. Máximo 3 puntos.

Sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas ou os acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais.

A puntuación máxima neste apartado é de 3 puntos.

Por cada crédito ECTS:	0,25 puntos.
Por cada crédito CFC:	0,10 puntos.
Por hora de duración:	0,01 puntos.

Non se valorarán certificados nos que non consten o número de horas e nos que non consten o número de créditos e a súa denominación (ECTS ou CFC).

Non se valoraran cursos ou créditos integrantes de estudos conducentes a consecución dunha titulación.

En todo caso se valorarán os cursos relacionados coas seguintes materias:

- Procedemento administrativo común.
- Organización municipal.
- Prevención de riscos laborais (PRL) xerais ou específicos relacionados co posto de administrativo/a.
- Igualdade de xénero.
- Tratamento de textos, bases de datos e follas de cálculo.
- Administración electrónica e/ou sede electrónica.

C.- Entrevista persoal. Máximo 2 puntos.

Consistirá en que as persoas aspirantes contesten a preguntas sobre os méritos alegados e a experiencia profesional acreditada coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo e os seus coñecementos teóricos e prácticos como administrativo/a.

A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos.

Cualificación final.

A cualificación das persoas aspirantes será a suma da puntuación obtida nos apartados de experiencia profesional, formación e entrevista persoal, acadándose así a puntuación final.

DÉCIMO CUARTA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES. EMPATE

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas no proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas no concurso de méritos (experiencia laboral + formación + entrevista persoal).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Lousame ordenada de maior a menor puntuación.

Supostos de Empate:

En caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Primeiro: Atenderase á maior puntuación obtida no apartado formación sen ter en conta a limitación de 3 puntos.
- Segundo: Atenderase a maior puntuación obtida no apartado experiencia laboral sen ter en conta a limitación de 5 puntos.
- Terceiro: Atenderase a maior puntuación obtida no apartado entrevista persoal.
- Cuarto: De persistir o empate terá preferencia o candidato de maior idade.

DÉCIMO QUINTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal de selección confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente.

Resoltos os desempates, de selo caso, a lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de edictos do Concello.

DÉCIMO SEXTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A Bolsa de Emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

1.- Chamamentos ás persoas aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Tamén poderase realizar mediante remisión de correo-e. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Antes do nomeamento ou da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médico-psicolóxico que avalíe a súa adecuación ao posto a desempeñar.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado médico
- Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.
- Estar en situación de emprego activo temporal. Deste xeito causará baixa temporal na listaxe e será responsabilidade súa xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2.- Suspensión dos chamamentos.

Por solicitude do/a interesado/a:

Os/as integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do concello.

O tempo de duración desta será de doce meses computados desde a data de efectos de suspensión.

3.- Nomeamentos e cesamentos

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base Primeira; e sempre que esas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do informe do servizo e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para o dito sector prioritario e para o funcionamento deste servizo público esencial.

Posteriormente, deberá acreditarse no expediente (co informe da Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez cumprimentados os anteriores requisitos, chamada a persoa candidata segundo a orde de prelación da Bolsa de Emprego, a persoa candidata deberá achegar no improrrogable prazo dun (1) día:

1. Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
2. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
3. Titulación orixinal requirida para o desempeño do posto. (Base 8.f)
4. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
5. Certificado de número IBAN de conta bancaria a nome do traballador/a

Quen dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma dedúcese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Comprobada a documentación anterior a Alcaldía mediante Resolución procederá á súa contratación.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO SÉTIMA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Bolsa de Emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos **catro anos** a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de catro anos de vixencia establecido neste base.

DÉCIMO OITAVA:

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal de selección e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO NOVENA: APROBACIÓN.

As presentes bases serán aprobadas pola Alcaldía, órgano competente.

VIXÉSIMA: IMPUGNACIÓN.

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU DE ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE LOUSAME.

- ADMINISTRATIVO /A INTERVENCIÓN. Código RPT 1003 (Laboral)
- ADMINISTRATIVO/A DE CULTURA. Código RPT 5117 (Laboral)

MODELO DE INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS

Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Enderezo a efectos de notificación:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	

EXPOÑO:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a **formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de ADMINISTRATIVO/A (Códigos RPT 1003 e 5117).**

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Que non estou incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

E, **SOLICITO:**

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á Bolsa de Emprego para realizar contratacións laborais temporais como **persoal administrativo/a**.

Á presente solicitude acompaño:

- ☐ Acreditación de ter aboadas as taxas pola inscricións nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 203 do 26/10/2022) e a base décima.
- ☐ Copia do DNI ou documento identificativo.
- ☐ Copia da titulación esixida para o desempeño do posto de administrativo/a
- ☐ Informe de vida laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social.
- ☐ Contratos ou certificados de empresa onde figure o posto desempeñado.
- ☐ Documentación acreditativa da experiencia profesional:

Empresa	Posto	Período		Nº meses
		Dende	Ata	

- ☐ Documentación acreditativa da formación:

Denominación	Impartido por	Nº horas/créditos



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello.

En, a de de 20.....

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección CG 1.5, 15214 - LOUSAME (A CORUÑA); arturo.barreiro@concelloodelousame.gal.

1.-DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE LOUSAME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en arturo.barreiro@concelloodelousame.gal.

2.-FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o Servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

3.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.-DESTINATARIOS DE CESIONES: CONCELLO DE LOUSAME non cederá os seus datos de carácter persoal.

5.-DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE LOUSAME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

EXCMA. SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LOUSAME

Asinado dixitalmente, na data que figura.

A Alcadesa.

María Teresa Villaverde Pais.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcadesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

